

Unha manchea de bicos



Título: Unha manchea de bicos
Autora: Antonia Rodenas
Ilustradora: Carme Solé Vendrell
Editorial: Xerais
Colección: Sopa de libros
Nº páxinas: 36
ISBN: 84-8302-681-3
Idade: De 4 anos en diante

XER AIS



a autora

Antonia Rodenas

É profesora de educación infantil en Alicante, por iso a maioría das súas obras van dirixidas a ese público.

Participa tamén en actividades de animación á lectura.

Acadou o 2º Premio no I Certamen Internacional de Álbum Ilustrado de Alicante 2001 por *De puntillas*.

Outras obras desta autora son: *Rimas de Luna*, *En el mar...*



a ilustradora

Carme Solé Vendrell

Ilustradora moi coñecida pola expresividade dos seus debuxos. Adoita traballar con textos para os máis pequenos.

Quiero mi chupete, ilustrado por Carme Solé é, tamén, da autoría de Antonia Ródenas.

Son dela tamén as ilustracións das obras de García Márquez *Un señor muy viejo con unas alas enormes*, *María de los Placeres*, *El último viaje del navío fantasma*, *La siesta del miércoles*, *El verano feliz de la Sra. Forbes* e *La luz es como el agua*.

o libro

Kati, a protagonista desta historia, ten unha caixa chea de bicos que vai regalando a todos os compañeiros. Desta maneira fai que se sentan felices. Pero Diego chámalles parvos, empúxaos, colle o que quere sen mirar quen o ten... Aínda así, a ledicia dos demais compartindo bicos de todos os sabores fai que se sinta só e acabará pedindo perdón e dando tamén bicos de caramelo. Daquela a mestra xa non estará enfadada e contaralles unha desas historias longas como ela fai cando están caladiños.

Libro interesante para compartir cos pais, atendendo ao momento específico do seu desenvolvemento emocional. Un texto ao que acompañan imaxes axeitadas para falar de amizade, emocións e sentimentos na escola dos primeiros anos. Un conto para educar aos nenos e nenas falándolles do amor e abordando os conflitos e as relacións interpersoais entre iguais.

temas e valores



As caricias como mostra de afecto

Elas fan que se nos esqueza todo o malo que poida pasarnos.



O bo humor e o cariño son contaxiosos

Ao final, aquel que non lles fai caso e os molesta tamén acabará por integrarse e compartir caricias.

Kati ten unha caixiña chea de bicos e un gran sorriso porque a súa nai sempre lle dá algún máis cando se despide para que teña dabondo mentres está na escola. As nenas que se senten queridas reparten cariño.

actividades

Antes da lectura

- Falaremos con eles:
 - ¿De que tratará un libro que se chama *Unha manchea de bicos*?
 - Observando a portada e a contraportada poderemos ir adiantando a historia que contén o libro.
 - Deterémonos na palabra «manchea» para falar do seu significado e de como poderíamos separala en dúas: «man» «chea». Preguntarémonos de que podemos ter as mans cheas, de que poden ser as mancheas que inventemos para títulos das historias das que poderemos contar o argumento e, se apetece, escribir ou debuxar.
 - O título da colección, «Sopa de libros», tamén pode servirnos para comentar a diferenza entre as sopas de letras e as sopas de libros, imaxinar estas últimas, debuxar o prato con esa sopa...
 - Comentaremos as ilustracións: a razón de tantos corazóns, os nenos e nenas que aparecen nas ilustracións, a cales recoñecemos porque se repiten...

Ao longo da lectura

- Se estamos traballando con nenos e nenas que aínda non len, irémosllo lendo nós en voz alta. Adaptaremos esta lectura segundo o número de pequenos de xeito que, se son poucos, lerémosllo ao tempo que lles imos ensinando o libro coas correspondentes ilustracións e textos, pero cando se trata dun grupo amplo teremos que utilizar outros recursos como pode ser pasar as páxinas a transparencias ou diapositivas e ir proxectándoas ao tempo que lles imos lendo, de forma que todos e todas o poidan ir seguindo.
- O libro ten pouco texto e isto permitiranos volver a el as veces que queiran que llo repitamos de xeito que, nun momento determinado, contaremos xa coa súa axuda na lectura.
- Hai unha serie de preguntas que irán formulando ao rematar a lectura e que poderemos ir contestando entre todos e todas.

actividades

Despois da lectura

- Comentaremos que nos pareceu o conto, se nos gustou ou non, que foi o que máis nos gustou e que o que menos, que opinión temos dos debuxos...
- Falaremos doutros que xa coñecemos e que lembramos cando lemos este.
- Cada un dos nenos e nenas pensará cal é o conto que máis lle gusta de todos os que coñece e preparará –na casa e coa axuda dos pais ou avós– a presentación deste aos compañeiros e compañeiras.
- Pedirémolles que nos conte o conto aquel ou aquela que queira facelo.
- Animarémolos a que describan as ilustracións.
- Dependendo do coñecemento que teñan da lectoescritura, así como da axuda coa que poden contar na casa, elixiremos unhas ou outras actividades para realizar individualmente ou por parellas.

ficha 1

- Iremos preguntando: ¿como será unha caixiña chea de bicos? Deixaremos que ilustren esa imaxe no seu caderno.

- Falaremos e contestaremos:

- ¿De onde sacaría Kati a caixiña chea de bicos?

- ¿Cando os necesitará máis?

- ¿De que sabores son os bicos que ten Kati na caixiña?

- ¿Como consegue debuxar, de novo, o sorriso na súa cara?

- ¿Como se chaman os amigos de Kati?

- ¿Para que usa Kati os bicos?

- ¿Por que chora César?

- ¿Quen é Diego?

- ¿Coñeces alguén que se pareza a Diego? ¿E a Kati?

- Xogamos ás onomatopeas, tratando de amosar e escribir como soan os bicos cando nolos dan ou os damos.

Mch

Mmmmmmmch

- «As bagoas caían polas súas meixelas como pingas de rocío». Seguro que somos quen de buscar outras comparacións.

ficha 2

- ¿Sentícheste algunha vez, como Diego, «perdido no medio dun bosque escuro»?
¿Cando foi?

- As historias longas da mestra debían ser estupendas. Inventa unha.

- Pero, ademais, tamén lles cantaba cando non estaba enfadada. ¿Cal é a canción que a ti che gusta que che canten?

- Debúxate a ti mesmo e aos teus amigos, igual que aparece debuxada Kati.

ficha 3

- Imos escribir e debuxar:

Kati tiña unha _____ de _____. Un tiña sabor a _____, outro a _____, outro a _____ e outro a _____.

- O debuxo do corazón úsase para dicir de quen se está namorado ou a quen se lle quere. Empeza a facer a túa lista colocando ao lado do teu nome o debuxo do corazón, igual que terás visto en adhesivos.

Eu

Eu

Eu

- ¿Hai algún bico que non che guste? ¿Por que?

- Non só se mostra o afecto cos bicos. ¿De que outra maneira se pode facer?

- Conta a historia de algún dos teus compañeiros, igual que no libro se conta a de César e mais a de Diego.

- Faremos un cartel a base de corazóns coma nun deseño de Ágata Ruíz de la Prada. Os que non queiran poderán facelo de caramelos.

ficha 4

- As historias da primeira vez que fomos á gardaría. (Se teñen fotos daqueles compañeiros resultarlles máis doado falar deles.)

- Preguntémoslles: ¿Que lles dan seus pais cando os deixan na escola?

- Os bicos curan as tristeszas... son coma palabras máxicas que cambian a realidade. Pensade en algo que vos cambie a dor e a tristeza pola ledicia.

- Observade a dedicatoria da autora. Ela di que todos os días aprende de alguén. ¿De quen? Que falen e escriban acerca das persoas das que aprenden e que é o que lles ensinan.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 117-2005